SI

CIBERSEGURIDADE

A ciberseguridade e a confianza dixital nos fogares galegos.

Edición 2017

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2017

ÍNDICE

I. INTRODUCIÓN

- A tecnoloxía converteuse nun elemento imprescindible no noso día a día. A conexión a Internet xa non se limita ao tempo nin ao espazo, con dispositivos móbiles intelixentes e redes de datos cada vez máis rápidas.

- Todas estas vantaxes non están libres de inconvenientes, xa que en boa parte dos casos os servizos que máis se usan na Rede supoñen unha achega de datos persoais, polo que debemos ser conscientes dos riscos que supón tanto para a seguridade como para a privacidade.

- O **obxectivo** desta publicación é difundir un coñecemento básico en materia de Ciberseguridade, coa finalidade de advertir dos riscos existentes na navegación e usos de Internet e, en última instancia, procurar a mellora da implementación de medidas de seguridade por parte da cidadanía; así como analizar os incidentes que poden constituír riscos de seguridade, as medidas de seguridade adoptadas polos internautas galegos e o grao de confianza que os fogares galegos depositan na Sociedade da Información.

FONTES DE INFORMACIÓN

TODA ESTA INFORMACIÓN VEN DADA POLA MAN DE...

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia, a través dunha enquisa realizada en xullo de 2017 a 656 persoas residentes en Galicia de 18 a 74 anos de idade que utilizaron Internet nos últimos tres meses.

E COMPLEMENTADA POR...

"*Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares*" (TIC-H). INE. https://goo.gl/Y4dEdu

"*Estudio sobre la Ciberseguridad y confianza en los hogares españoles*" Outubre 2017. ONTSI, Observatorio Nacional de la Telecomunicaciones y SI https://goo.gl/QD3WAZ

"*Caracterización del subsector y el mercado de la ciberseguridad*" 2015 . ONTSI https://goo.gl/CcmJVv

OSI, *Oficina de Seguridad del Internauta* (adscrita ao INCIBE) https://www.osi.es/es

TIPOLOXÍA DE INCIDENTES E MEDIDAS DE CIBERSEGURIDADE

II.

OS INCIDENTES EN CIBERSEGURIDADE

Relacionados coa información

- Provocan unha perda ou un uso indebido da mesma, espionaxe, fraude ou roubo de identidade, entre outros.

Relacionados coas infraestruturas TI

- Producen a interrupción parcial ou total dos Sistemas de Información (infección por malware, ataques contra redes, etc.).

Fonte: "Caracterización del subsector y el mercado de la ciberseguridad" 2015 . ONTSI https://goo.gl/CcmJVv

TIPOS DE INCIDENTES EN CIBERSEGURIDADE

Malware	• Programa malicioso capaz de introducirse nun ordenador, smartphone ou tablet con algúns fins como roubar datos privados, facer que o dispositivo deixe de funcionar correctamente ou tomar o seu control para levar a cabo outras accións maliciosas.
Contido abusivo	• Son incidentes identificados como spam, correos non son desexados, conteñen comentarios ofensivos, etc.
Dispoñibilidade	• Ataques que impiden o acceso a un sistema polo usuario (ataques de denegación de servizo).
Seguridade/ Confidencialidade	• Problemas relacionados co acceso á información e/ou modificación non autorizada.
Fraude	• Incidentes relacionados con usos non autorizados, dereitos de autor, suplantación de identidade, phishing e roubo de credenciais.
Outros	• Obtención de información, acceso indebido ou intrusión...

Fonte: "Caracterización del subsector y el mercado de la ciberseguridad" 2015 . ONTSI https://goo.gl/CcmJVv

CLASIFICACIÓN DAS MEDIDAS DE SEGURIDADE

MEDIDAS AUTOMATIZABLES

Proactivas	Firewall
Proactivas e reactivas	Programa antivirus
	Actualizacións do sistema operativo e programas
	Actualizacións do antivirus
Reactivas	Pluggins para o navegador
	Programas de bloqueo de xanelas emerxentes
	Programas de bloqueo de banners
	Programas anti-spam
	Programas anti-fraude

MEDIDAS NON AUTOMATIZABLES

Proactivas	Contrasinais
	Copias de seguridade de arquivos
	Partición do disco duro
	Certificados dixitais
	Cifrado de documentos ou datos
	Uso de máquinas virtuais
Reactivas	Eliminación de arquivos temporais ou cookies

Fonte: "Estudio sobre la Ciberseguridad y confianza en los hogares españoles" Octubre 2017. ONTSI, Observatorio Nacional de la Telecomunicaciones y SI
https://goo.gl/QD3WAZ

ANTIVIRUS

PRINCIPAIS CAUSAS DE INFECCIÓN DOS DISPOSITIVOS

O aumento de uso diario de servizos e dispositivos fai que as vías de entrada de virus aumenten de maneira exponencial. Algunhas das formas máis estendidas son:

- Correo electrónico
- Dispositivos de almacenamento externos (memorias USB, discos duros, cartóns de memoria, etc.)
- Descarga de ficheiros
- Páxinas web maliciosas
- Redes sociais
- Vulnerabilidades / Fallos de seguridade



RECOMENDACIÓNS PARA ESTAR A SALVO DOS VIRUS

Instalar un antivirus e un firewall e mantelos actualizados.

Nunca executar un programa ou seguir unha ligazón recibida por correo e que pareza estraña.

Non conectar ao equipo un USB do que se descoñece a súa procedencia.

Fonte: OSI, Oficina de Seguridad del Internauta (adscrita ao INCIBE) https://www.osi.es/es/contra-virus

CLAVES OU CONTRASINAIS DE ACCESOS

Os contrasinais son aspectos especialmente relevantes na Rede, xa que son as chaves que dan acceso aos nosos servizos e polo tanto á nosa información persoal.

Para evitar riscos derivados dunha mala xestión dos contrasinais, a Oficina de Seguridade do Internauta do Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE) facilita sinxelos consellos fáciles de aplicar:

- Non compartas os teus contrasinais con ninguén. Se o fas, deixará de ser secreta e estarás a dar acceso a outras persoas á túa privacidade.
- Asegúrate de que as contrasinais son robustas. Están formadas alo menos por oito caracteres: maiúsculas, minúsculas, números, caracteres especiais.
- Non utilices a mesma contrasinal en diferentes servizos. Sempre claves diferentes para servizos diferentes.
- Coidado coas preguntas de seguridade. Se as utilizas, que só ti e ninguén máis coñeza as respostas.
- Utiliza xestores de contrasinais. Se che custa memorizar os contrasinais ou utilizas moitos servizos, apóiate nestes programas, son moi útiles e sinxelos de manexar.

Fonte: OSI, Oficina de Seguridad del Internauta (adscrita ao INCIBE)

https://www.osi.es/contrasenas

COPIAS DE SEGURIDADE

A información almacenada nos dispositivos electrónicos pode chegar a perderse por mor de fallos nos mesmos, o que provocaría a perda da información almacenada.

- Realizar copias de seguridade periodicamente en distintos dispositivos ou soportes, para que se algún deles falla, poidamos seguir accedendo a información desde outros.
- Utilizar unha aplicación fiable que nos proporcione seguridade ao realizar as copias.
- Coñecer as vantaxes e inconvenientes da nube se imos utilizala para salvagardar información e valorar a súa conveniencia.
- Utilizar sistemas de cifrado robustos se imos copiar ou almacenar información sensible ou privada, para impedir a súa lectura por outras persoas.

Fonte: OSI, Oficina de Seguridad del Internauta (adscrita ao INCIBE) https://www.osi.es/es/copias-de-seguridad-cifrado

FIREWALL

Un firewall é un dispositivo de seguridade da Rede que controla as conexións ou comunicacións do noso equipo á Internet e viceversa.

Cando un programa precisa acceso á Internet, establécese unha conexión que envía ou recibe información ao equipo. O firewall permite xestionar que programas poden establecer estas comunicacións e cales non, así como que tipo de conexións poden establecerse.

Un firewall pode ser de hardware ou de software:

Firewall de hardware

- Instálase no router que empregamos para acceder a Internet e, por tanto, serve para protexer a todos os equipos dunha mesma rede.

Firewall de software

- Trátase do firewall que ven incorporado no sistema operativo do computador e, polo tanto, só protexe un equipo. Rastrexa o tráfico de Internet para bloquear aquel que non está autorizado.

Fonte: OSI, Oficina de Seguridad del Internauta (adscrita ao INCIBE) https://www.osi.es/es/actualidad/blog/2017/05/24/usar-cortafuegos-en-nuestros-equipos-si-no-depende

OUTRAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN

A IMPORTANCIA DAS ACTUALIZACIÓNS PARA A SEGURIDADE

As actualizacións son engadidos ou modificacións realizadas polos fabricantes sobre os sistemas operativos ou aplicacións que temos instalados nos nosos dispositivos e teñen como obxectivo a mellora tanto de aspectos de funcionalidade como de seguridade.

Se non mantemos os nosos equipos ao día expoñémonos a todo tipo de riscos: roubo de información, perda de privacidade, prexuízo económico, suplantación de identidade, etc.

Fonte: OSI, Oficina de Seguridad del Internauta (adscrita ao INCIBE)

https://www.osi.es/es/actualizaciones-de-seguridad

- Vixiar o estado de actualización de todos os nosos dispositivos e aplicacións.
- Elixir a opción de actualizacións automáticas sempre que estea dispoñible.
- Instalar as actualizacións tan pronto como se publiquen, especialmente as dos sistemas operativos, navegadores e programas antivirus.
- Ser coidadosos coas aplicacións que instalamos, fuxindo de fontes non fiables e vixiando os privilexios que lles concedemos.
- Evitar facer uso de aplicacións e sistemas operativos antigos que xa non dispoñan de actualizacións de seguridade.

OUTRAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN

A IMPORTANCIA DAS CONTAS DE USUARIO

Unha conta de usuario é unha colección de información que indica ao sistema operativo os arquivos e carpetas ás que pode ter acceso un determinado usuario do equipo, os cambios que pode realizar nel e as súas preferencias persoais, como o fondo de escritorio ou o protector de pantalla.

Para usar os dispositivos dunha maneira organizada e segura recoméndase crear unha conta por cada usuario que vaia a utilizar o dispositivo. Desta forma, cada usuario poderá ter o seu propio escritorio, cunha configuración e preferencias personalizadas.

Usuario administrador:

Uso en casos excepcionais

Usuario estándar:

Uso habitual nos equipos informáticos

Fonte: OSI, Oficina de Seguridad del Internauta (adscrita ao INCIBE) https://www.osi.es/es/cuentas-de-usuario

OUTRAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN

A SEGURIDADE EN SMARTPHONES E TABLETS

Na sociedade actual os dispositivos móbiles convertéronse nunha parte case inseparable de nós. Ademais de almacenar os nosos contactos, tamén conteñen moita información persoal que debemos coidar e protexer.

Dende a Oficina de Seguridade do Internauta do INCIBE indícannos unha serie de pequenas precaucións para reducir o risco dun incidente:

Instalar un antivirus. Os programas maliciosos non afectan só a ordenadores. Algunhas apps están deseñadas para infectar smartphones e tabletas.



Ter coidado coas estafas. O maior uso de dispositivos móbiles polos usuarios aumentou o número de intentos de fraude a través desta canle.

Protexer o móbil para que en caso de roubo ou perda poida recuperarse ou polo menos evitar que outros accedan á información.



Ter precaución ao conectarche a wifi públicas e a outros dispositivos a través do Bluetooth.

Evitar anular as restricións do fabricante. Estas están pensadas para facer que o dispositivo funcione correctamente sen riscos de seguridade.

Fonte: OSI, Oficina de Seguridad del Internauta (adscrita ao INCIBE) https://www.osi.es/es/smartphone-y-tablet

OUTRAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN

A PRIVACIDADE EN INTERNET

- Coidar a información compartida. Unha vez publicada na Internet, esta é permanente, escapa do control e é accesible desde calquera lugar do mundo.
- Configurar adecuadamente as opcións de privacidade nos perfís de redes sociais. Controlar quen ten acceso ás publicacións.
- Coñecer os dereitos. A normativa europea obriga a que todas as empresas establecidas na Unión Europea protexan os datos.
- Ter coidado cos dispositivos e os lugares públicos. Non esquenzer a seguridade e utilizar sempre redes seguras para compartir información.
- Se algunha información publicada en internet perxudica, pódese solicitar a súa retirada ou ao servizo que corresponda. Hai dereito ao esquecemento na Internet.



Fonte: OSI, Oficina de Seguridad del Internauta (adscrita ao INCIBE) https://www.osi.es/es/tu-informacion-personal

HÁBITOS DE COMPORTAMIENTO E CONFIANZA DIXITAL DOS GALEGOS/AS

III.

A CIBERSEGURIDADE EN GALICIA

Dende o Observatorio da Sociedade da Información da Amtega promoveuse a realización dunha enquisa ad hoc para coñecer a visión dos internautas galegos sobre a ciberseguridade.

Como información complementaria, analizarase a "Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares" (INE) e o estudo de Ciberseguridade e Confianza dos fogares españois (Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información -ONTSI-)



III. I
INCIDENCIAS REXISTRADAS

SUFRIU ALGUNHA INCIDENCIA DE SEGURIDADE?

GALICIA

Un **47,4%**

dos internautas galegos declararon ter algún

incidente coa seguridade en Internet

no último ano

SUFRIU ALGÚN DESTES INCIDENTES DE SEGURIDADE?



Os virus son os incidentes que máis citaron os internautas galegos ,

seguidos pola perda involuntaria de información.

Base GALICIA: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

O 78,9% dos internautas galegos facilitaron a través da Rede **información de contacto, persoal ou de pago.**

O 21,1% non facilitou de forma voluntaria ningún dato persoal a través de Internet.



PROPORCIONOU VOLUNTARIAMENTE A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS 12 MESES...?

GALICIA



Base GALICIA: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

III. 2
MEDIDAS DE SEGURIDADE

Segundo datos do INE, o **69,1%** dos internautas galegos empregaron algún tipo de software ou ferramenta de seguridade.

A diferenza coa media española é de tan só **2,7 puntos** porcentuais, aínda que en termos globais, sitúa aos internautas galegos nos últimos postos en canto ao uso de medidas de ciberseguridade.

EMPREGOU ALGÚN TIPO DE SOFTWARE OU FERRAMENTA DE SEGURIDADE INFORMÁTICA?

Comparativa ESPAÑA-GALICIA



Base: persoas de 16 a 74 anos usuarios de Internet nos últimos 12 meses
Fonte: INE, Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2017

O **78,9%** dos usuarios de Internet denegaron o permiso do uso da **información persoal** para fins publicitarios, seguido do **77,2%** que limitaron ao seu perfil ou contidos nas **redes sociais.**

LEVOU A CABO ALGUNHA DAS SEGUINTES ACCIÓNS PARA XESTIONAR OU PROTEXER O ACCESO Á SÚA INFORMACIÓN PERSOAL EN INTERNET?

GALICIA



Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

ADOITA ACTUALIZAR ALGÚN DOS SEUS PRODUTOS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA?

GALICIA



Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

FAI REGULARMENTE COPIAS DE SEGURIDADE DA SÚA INFORMACIÓN PERSOAL?

O **51,1%**, dos internautas galegos fan regularmente **copias de seguridade** da súa información persoal.

O PIN ou patrón de desbloqueo é a práctica máis estendida entre os usuarios de Internet en soportes móbiles e é aplicada polo

81,6% dos internautas enquisados.

APLICA ALGUNHA DAS SEGUINTES MEDIDAS DE SEGURIDADE NO SEU TELÉFONO MÓBIL OU TABLET?

GALICIA



Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

O 22,7% dos internautas galegas acceden a redes WIFI distintas ás do seu domicilio pero NON verifican que cumpre uns requisitos mínimos de seguridade.

CANDO ACCEDE A INTERNET POR UNHA REDE WIFI DISTINTA Á DO SEU DOMICILIO, VERIFICA QUE A REDE CUMPRE CUNS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE?

GALICIA



Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

SABE VOSTEDE QUE SON AS COOKIES?

GALICIA

O **64,1%** dos internautas galegos manifesta que posúe coñecementos acerca do que son as **cookies**, aplicacións que se instalan nos equipos de usuarios e recaban información deles.

Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

EN RELACIÓN ÁS COOKIES, ALGUNHA VEZ REALIZOU AS SEGUINTES ACCIÓNS...?



Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses e coñecen as cookies
Fonte: OSIMGA 2017

III. 3
GRAO DE CONFIANZA EN INTERNET

Os internautas galegos son os **máis desconfiados respecto á seguridade de Internet** de todas as Comunidades Autónomas:

O 38,2 % dos internautas galegos confían pouco o nada en Internet.

GRAO DE CONFIANZA EN INTERNET

Comparativa ESPAÑA-GALICIA



Base: persoas de 16 a 74 anos usuarios de Internet nos últimos 12 meses
Fonte: INE, Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2017

CAL É O SEU GRAO DE PREOCUPACIÓN RESPECTO DE QUE AS SÚAS ACTIVIDADES POR INTERNET POIDAN ESTAR A SER GRAVADAS POR OUTRAS PERSOAS OU EMPRESAS?

GALICIA



O **28,9%** dos usuarios de Internet en Galicia está **moi preocupado pola privacidade** das súas actividades cando navega por **Internet.**

Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

COMO EVOLUCIONOU A SÚA PREOCUPACIÓN SOBRE A SEGURIDADE EN INTERNET NO ÚLTIMO ANO?

A evolución da preocupación respecto ao ano anterior destas actividades por Internet, amosa que o 31,2% dos internautas galegos están máis preocupados.

GALICIA



Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

O **90%** da poboación galega considera que sería recomendable dispor de maior información sobre **seguridade en Internet**, o que xunto co crecemento da preocupación polo uso de Internet, amosa unha crecente **demanda de coñecemento** acerca de **ciberseguridade** entre a poboación galega.



CRE QUE SERÍA RECOMENDABLE DISPOÑER DE MAIOR INFORMACIÓN SOBRE SEGURIDADE NA INTERNET?

GALICIA



Base: usuarios de Internet alo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses
Fonte: OSIMGA 2017

CONCLUSIÓNS

IV.

CONCLUSIÓN

Incidentes de seguridade en Internet:
O 47,4% dos internautas galegos declararon ter algún incidente coa seguridade en Internet no último ano. Os virus son os incidentes máis citados polos internautas galegos (36,9%), seguidos pola perda involuntaria de información (12%).

O 78,9% dos internautas galegos facilitaron a través da Rede información de contacto, persoal ou de pago.

Medidas de seguridade:
O 69,1% dos internautas galegos empregaron algún tipo de software ou ferramenta de seguridade. A diferenza coa media española (71,8%) é de tan só 2,7 puntos porcentuais, aínda que en termos globais, sitúa aos internautas galegos nos últimos postos en canto ao uso de medidas de ciberseguridade.

Entre as medidas de seguridade adoptadas polos internautas galegos, cabe salientar a denegación de permiso de información persoal para fins publicitarios (78,9%) e a limitación do perfil ou contidos das redes sociais (77,2%). Ademais, máis da metade dos internautas galegos (51,1%) realizan regularmente copias de seguridade da súa información persoal.

Preto da metade dos internautas galegos sufriu incidentes de seguridade en Internet

O 69,1% dos internautas en Galicia emprega algún tipo de ferramentas ou software de seguridade.

O 77,2% dos galegos que navega por Internet limitou o seu perfil ou contidos nas redes sociais.

A metade dos internautas en Galicia fai copias de seguridade da información persoal

Medidas de seguridade en móbiles:
O recurso de proteción de datos máis empregado polos internautas galegos é o uso do PIN de desbloqueo (81,6%), seguido a moita distancia polo uso da pegada dixital ou datos biométricos (23%).

Medidas de seguridade en redes WIFI:
O 40,2% dos internautas galegos verifica que as redes WIFI distintas á do seu domicilio cumpre cuns requisitos mínimos de seguridade e só se conecta a redes WIFI con seguridade

Medidas de seguridade sobre as cookies:
Un 64,1% dos internautas galegos coñece as cookies, dos cales, máis da metade indicou que directamente deixou de navegar polo sitio web.

Grao de confianza en Internet:
Os internautas galegos son os máis desconfiados respecto á seguridade de Internet de todas as Comunidades Autónomas. Así, o 38,2% dos internautas galegos confian pouco ou nada en Internet. O grao de confianza dos galegos que navegan a través da Rede é a menor das rexistradas en España, situándose 5,5 puntos porcentuais por baixo da media española.
O 90% considera que sería recomendable dispor de maior información sobre seguridade en Internet.

O recurso de protección de datos máis empregado nos dispositivos móbiles é o uso do PIN de desbloqueo

Un 40,2% dos internautas galegos só se conecta a redes WIFI seguras distintas á do seu domicilio

Un 64,1% dos internautas galegos coñece que son as cookies.

O 90% dos internautas galegos demanda máis información sobre ciberseguridade

ANEXO: METODOLOXÍA DA ENQUISA AD HOC

DESCRICIÓN TÉCNICA

- **Ámbito:** Galicia.
- **Universo:** Poboación residente en Galicia de 18 a 74 anos de idade que utilizou Internet nos últimos tres meses.
- **Mostra:** 656 entrevistas.
- **Tipo de entrevista:** Técnica mixta; telefónica asistida por ordenador (sistema CATI) e persoal asistida por tablets (sistema HAPI)
- **Afixación da mostra:** proporcional segundo provincia e tamaño de hábitat do concello de residencia.
- **Selección das entrevistas:** Para a mostra telefónica, selección dos fogares mediante semente de aleatorización dunha base de teléfonos do concello; para a mostra persoal sistema de rutas aleatorias nos concellos; en ambos casos, cotas de idade e sexo para seleccionar á persoa a entrevistar.
- **Erro de mostraxe:** ± 3,36% no caso de máxima indeterminación (p=q=50%) e para resultados globais.
- **Traballo de campo**: Xullo de 2017.

OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e a Modernización de
GALICIA

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

XUNTA
DE GALICIA

www.osimga.gal